



ARQUITECTURA  
INDIANA  
TOMIÑO

# CASA DE PÍO TRONCOSO

## A pegada das Américas



### Localización

Coordenadas 41.946305, -8.772795

**Tipo de ben:** farmacia

**Concello:** Tomiño

**Parroquia:** Goián

**Lugar:** Avenida Ordóñez

**Cronoloxía:** 1935

**Construtor:** Serafín Carrera Fernández

**Promotor:** Silvano Troncoso

**Propiedade:** privada

**Uso actual:** farmacia

**Estado de conservación:** bo

### Comentario e descrición

Edificio de planta rectangular e tellado a catro augas. Está situado na beira da rúa. Estrutúrase en dous andares. A parte baixa conta con cinco vanos. Orixinariamente todos chegaban ata o chan, pero dous deles foron reconvertidos en ventás. No piso superior hai outros cinco vanos dispostos simetricamente cos anteriores, dous deles cubertos por balcóns pechados. Destacan os reforzos pétreos das esquinas mediante perpiaños; as molduras pétreas que resaltan perimetralmente os vanos, e sobre todo o recubrimento cerámico da fachada principal. Respecto a decoración con azulexos cabe dicir que esta é de influencia portuguesa e brasileira. O resto dos muros están pintados en branco. A parte baixa está dedicada á farmacia, como se desprende o texto do muro «Farmacia de Pío Troncoso», e a alta a vivenda.

O propietario orixinal emigrou a Brasil.

### Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN  
Nº inventario: GOI-07

**Tomiño**  
CONCELLO

**DEPUTACIÓN**  
PONTEVEDRA